



DECLARACIÓN AMBIENTAL

Xuño 2010 - xuño 2011

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANET

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0093

DECLARACIÓN AMBIENTAL

Xuño 2010 – Xuño 2011

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1 Presentación da empresa	3
2.2 Organigrama	5
2.3 Actividade	6
2. POLÍTICA AMBIENTAL	8
3. SISTEMA DE GESTIÓN AMBIENTAL (SGA)	9
3.1 Alcance del SGA	11
3.2 Estrutura documental del SGA	11
4. ASPECTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS	12
4.1. Aspectos Ambientais Directos	13
4.2. Aspectos Ambientais Indirectos	18
5. COMPORTAMENTO AMBIENTAL	21
5.1 Consumos	21
5.2 Xeración de residuos	22
5.3 Emisións a atmosfera	24
5.4 Ruído	24
5.5 Vertidos	25
5.6 Diversidade biolóxica	25
6. OBXECTIVOS E METAS	25
7. LEXISLACIÓN AMBIENTAL APLICABLE	27
8. PRAZO PARA A SEGUINTE DECLARACIÓN	30

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: _____
NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DANIEL
FECHA: 10/11/2010
ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

1. – INTRODUCCIÓN

1.1 Presentación da empresa

A empresa Rennova Solucións Medioambientais S.L., posta en marcha pola emprendedora María José Velo Bello, ten como finalidade o desenvolvemento dunha serie de actividades de índole principalmente medioambiental, a través das que se busca cubrir a demanda suscitada na xestión e execución de proxectos ambientais, culturais, educativos e arquitectónicos enmarcados no ámbito rural e enfocados tanto as Administracións públicas como as entidades privadas.

Os datos de referencia da empresa son:

Forma societaria: S.L.

Razón social: RENNOVA, Soluciones Medioambientais, S.L.

Domicilio social: Rúa Doctor de Oya Salgueiro nº 3 Baixo A.
36.645-VALGA (Pontevedra)

Persoa de contacto: María Velo Bello.

Teléfono: 986199919-654.296.489

E-mail: info@rennova.net

CNAE das actividades a certificar:

- 8431.1 Servizos Técnicos de Enxeñaría
- 912.1 Servizos Forestais, Pesca e Acuicultura

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Cacia - P.T. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANES

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

Os medios persoais e técnicos cos que conta a organización son os que se indican a continuación:

PERSOAL DA EMPRESA		
CATEGORÍA	TITULACIÓN	DATA DE ALTA
Administradora	Diplomatura en Relaciones Laborais	07/01/2010
Proxectista	Enxeñería Técnica	25/02/2010
Proxectista	Enxeñería Superior	05/04/2010

Destacar que, con respecto ó resto de expertos técnicos necesarios para o desempeño dalgunhas das actividades levadas a cabo pola empresa, como poden ser biólogos, arquitectos, enxeñeiros de camiños,... así como o persoal necesario para a execución dos traballos en obra, na actualidade estanse subcontratando estes servizos.

MEDIOS TÉCNICOS DA EMPRESA

Mobiliario: mesas, baldas, arquivadores...

Equipos e programas informáticos necesarios para o desenrolo de actividades técnicas para tres postos de traballo: ordenadores, impresora, escáner e fotocopiadora.

Material para a propia toma de datos en campo: unha estación total, medidor gps, prismáticos, cámaras (fotográfica e de vídeo)

Vehículo todoterreno

Para a execución dos traballos, Rennova establece como requisitos as subcontratas, o emprego de maquinaria e equipos que cumpran a legislación vixente, tanto en materia de prevención como de medio ambiente, así como de seguridade, marcado CE, inspeccións regulamentarias,...

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edificio de Oficinas
28108 Alcobendas (Madrid)


FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN PLANES

FECHA: 10/11/2010

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

1.2 Organigrama



(ORIGINAL EN RENOVA)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA:

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUAREZ

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

1.3 Actividade


As actividades a desenvolver pola empresa buscan cubrir e satisfacer as necesidades das Administracións Públicas e das Entidades Privadas, nos seus proxectos e actuacións; levando a cabo o desenvolvemento e posta en práctica de proxectos innovadores nun entorno rural ou forestal que permitan o desenrolo económico do mesmo pero a través e mediante o emprego de técnicas respectuosas co medio, tanto cultural como paisaxístico, natural, etnográfico,... no que se integre o proxecto.

Así estas actividades pódense enmarcar e estruturar dentro dunhas liñas principais, a través das, que como xa se indicou, búscase cubrir a demanda suscitada na xestión e execución de proxectos ambientais, culturais, educativos e arquitectónicos enmarcados no ámbito rural e enfocados tanto as Administracións públicas como as entidades privadas. As liñas principais son:

Xestión e asesoramento en procesos e proxectos de ámbito rural como: legalización de augas (fomentando un uso controlado e racional da mesma), legalización de explotacións, concentracións parcelarias (medicións, parcelacións, valoracións,...), tramitación de subvencións enfocadas a dinamización das áreas rurais así como ó fomento da silvicultura en bosques no medio rural, e outras.

Restauración e recuperación de espazos rurais: execución de proxectos de restauración de espazos de gran valor para a poboación rural, como recuperación e restauración de hórreos, muíños, ... e calquera outro elemento de valor etnográfico, arquitectónico, artístico,...

Xestión sostible dos montes: neste punto inclúese como fin principal a posta en marcha dun programa de xestión medioambientalmente sostible para a revalorización dos montes da zona mediante a realización de proxectos de ordenación, a implantación dos mesmos e o emprego de sistemas innovadores, na que teñan principal cabida o desenrolo e fomento dun uso tanto madeireiro como non madeireiro do monte (actividades cinxéticas, áreas recreativas, obtención de produtos non madeireiros, actividades deportivas,...).



Recuperación, posta en valor e xestión de espazos de gran riqueza ambiental, paisaxística e arquitectónica, buscando tanto un uso sostible dos mesmos como a integración co medio que os rodea. Este punto inclúe: todo tipo de actuacións positivas en espazos naturais (Rede Natura 2000), creación, rehabilitación e mantemento de áreas recreativas e espazos públicos en xeral, posta en valor e posterior mantemento de entornas rurais a través da súa restauración e rehabilitación, xestión e limpeza de marxes de ríos, implantación de proxectos de recuperación e posta en valor das concas fluviais, xestión, mantemento e rehabilitación de lugares de interese cultural e etnográfico fomentando a difusión e coñecemento dos mesmos,...

Sensibilización da poboación: fomento do respecto polo medio que nos rodea a través da formación (tanto en colaboración cas institucións públicas como cos entes privados). Amparo da poboación ante os problemas diarios na defensa dos seus intereses medioambientais. Asesoramento e xestión de asociacións e comunidades veciñais (como comunidades de montes e outras) co fin de acadar o ben social a través de sistemas respectuosos co medio natural, amparando o emprego e a utilización de liñas, que ofertadas dende as institucións públicas, buscan influír sobre a concienciación cidadá.



2. - POLÍTICA AMBIENTAL

A Política da Calidade e Medio Ambiente basease no compromiso adquirido por Rennova de traballar no sentido da mellora continua, fomentando a protección do medio, a reforestación e loitando contra a contaminación, non so no desenrolo da súa actividade no ámbito **FORESTAL**, senón como instrumento difusor da mellora medio ambiental na actividade de todos os seus clientes e subcontratas, co alcance seguinte:

- Servizos de apoio no ámbito forestal: elaboración, dirección de obra e execución de proxectos.
- Xestión administrativa e técnica no ámbito forestal.
- Medición de parcelas, redacción de informes técnicos relacionados e xestión catastral.

De este modo, para garantir dito obxectivo, a Administradora de Rennova desenvolveu as seguintes directrices, baseadas nas normas UNE-EN-ISO 9001:2008 e 14001:2004 e Regulación CE Nº1221/2009 EMAS III:

- **"Previr a contaminación"**. Utilizaremos prácticas, técnicas, materiais e produtos para evitar, reducir ou controlar a xeración, emisión ou descarga de calquera tipo de contaminante ou residuo co fin de reducir impactos ambientais adversos xa que a protección ambiental esixe de todos nos un comportamento responsable..
- **"Compromiso de mellora continua"**. Melloraremos día a día e incesantemente o noso Sistema de Xestión para o cal promoveremos condutas e obrigas ambientais relativas a defensa, respecto e conservación do medio ambiente como un valor permanente e imprescindible de cada un dos servizos prestados.
- **"Compromiso do cumprimento legal"**. Comprometémonos explicitamente ó cumprimento dos requisitos legais aplicables a nosa organización e tamén con outros requisitos que Rennova subscriba relacionados cos seus aspectos ambientais. Identificaremos os requisitos e avaliaremos o seu cumprimento.
- **"Formación, competencia e toma de conciencia"**. Asegurámonos de que calquera persoa que realice tarefas para Rennova ou no noso nome, que potencialmente poida causar un ou varios impactos ambientais significativos, sexa competente en base a educación, formación ou experiencia adecuadas. Comunicaremos ós empregados os aspectos ambientais significativos identificados e motiváremoslos para que o seu comportamento reflicte a sensibilización medioambiental.
- **"Sensibilización a subcontratistas e clientes"**. Esixiremos os nosos subcontratistas e calquera outro persoal que traballe para Rennova, o cumprimento dos requisitos ambientais requiridos, facilitándolles, cando proceda, pautas de actuación ambiental. Informaremos os clientes, na medida que lles afecte, sobre as accións para reducir impactos ambientais desfavorables.
- **"Xestión de recursos"**. A Administradora de Rennova disporá dos recursos humanos, económicos así como medios racionais adecuados para a correcta prestación do servizo, asegurando o desenrolo sostible, fomentando o mellor uso de materias primas e recursos naturais mediante o emprego de tecnoloxías limpas cando sexa técnica e economicamente posible, a minimización dos aspectos mediambientais e o seu reciclado, recuperación e reutilización.
- **"Satisfacción dos clientes"**. Consequindo, para elo a máxima calidade dos seus servizos.
- **"Manter unha comunicación fluída"** coas autoridades, comunidades locais, clientes, subcontratas, provedores e público en xeral, permitindo o coñecemento das operacións e da presente política e respondendo positivamente as lexitimas demandas de información

A presente declaración serve de marco de referencia para o establecemento e revisión de obxectivos, metas e programas medioambientais, sendo comunicada a todos os empregados, clientes e subcontratas. Este documento examínase e complementase periodicamente coa finalidade de mantelo actualizado.


Rennova Solucións Medioambientais dende xa, pon a disposición dos seus clientes, provedores, subcontratas, Administración e público en xeral, a presente declaración. Este proceso de implantación dun sistema de xestión ambiental culminará coa emisión desta declaración ambiental, pública e verificada, no marco normativo EMAS, como mostra do interese de Rennova en predicar a filosofía de respecto ó seu entorno en toda a súa actividade.

Este compromiso, así como os resultados que se vaian acadando ó longo de este proceso, serán comunicados dentro da Organización e a todas as partes vinculadas coa empresa. Pretendemos divulgar e preservar o espírito impulsado dende a Unión Europea, establecendo dentro da organización, deste regulamento de adhesión voluntaria.

E para que así conste, declároa en Valga, a 20 de Xuño de 2011,

Fdo: A ADMINISTRADORA María José Velo Bello

RENNOVA SOLUCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.
R/ Doctor de Oya Salgueiro, 3 - Isoba A
36645 Valga Pontevedra
C.I.F. B94015237



3. – SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

O Sistema de Xestión Ambiental deseñado e implantado en Rennova pretende ser unha ferramenta eficaz que permita controlar os aspectos ambientais da súa actividade e actuar na súa mellora continua. Así mesmo, pretende servir como instrumento para fomentar a protección ambiental no ámbito da súa actividade. Para elo, identifícanse os procesos que integran a actividade da organización e se axunta o mapa de procesos da organización:

TIPO DE PROCESO	NOME DO PROCESO CONTIDO DO PROCESO
1 <u>Estratéxicos:</u>	1.1 Planificación estratéxica. <i>Revisión do sistema pola dirección e prantexamento de obxectivos medioambientais</i>
	2.1 Elaboración de proxectos e informes técnicos <i>O deseño e redacción de proxectos suxeitos ou non a subvención, plans de corta, repoboación, ordenacións de montes...</i>
2 <u>Operativos:</u>	2.2 Compras e provedores: <i>Avaliación de provedores, xestión das compras e verificación do comprado. Control e formación ambiental dos provedores subcontratados para a execución dos traballos.</i>
	2.3 Execución de proxectos <i>Realización de traballos de campo tales como recuperación e protección da biodiversidade, control e mitigación de vertedoiros incontrolados, restauración e recuperación de espazos rurais, traballos silvícolas como podas, repoboacións, rozas, traballos en rexenerado de Pino,...</i>
	2.4 Xestión de Comunidades de Montes, Mancomunidades, Asociacións veciñais, Agrupacións de propietarios e particulares
3 <u>De apoio:</u>	3.1 Recursos humanos. <i>Formación do persoal tendo en conta a necesidade de adquirir boas prácticas ambientais.</i>
	3.2 Recursos materiais <i>Control de documentación. Mantemento e control de equipos, incluídos os de seguimento e medición</i>
	3.3 Mellora. <i>Seguimento de indicadores e do sistema: análise de indicadores medioambientais para garantir o control e redución de impactos ambientais causados pola actividade. Retroalimentación do cliente: satisfacción e reclamacións. Xestión de incidencias e accións e realización de Auditorías do sistema internas e externas.</i>
4 <u>Medio Ambiente</u>	<i>Control operacional Control de Requisitos legais e outros requisitos Avaliación de cumprimento legal Identificación e Avaliación de Aspectos Ambientais Preparación e resposta ante Emerxencias</i>

(ORIGINAL EN ROJO)

ENAC


C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA:

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DANES

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0033



(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAUVERITAS CERTIFICATION
 C/ Valportillo Primera, 22-24
 Edif. Caoba - P. I. La Granja
 28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA:

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANFER

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

3.1 ALCANCE DO SGA

O alcance do Sistema de Xestión Ambiental de Rennova Solucións Medioambientais, que abarca todos os procesos da súa actividade, queda definido nos seguintes ámbitos:

- Servizos de apoio no ámbito forestal: elaboración, dirección de obra e execución de proxectos.
- Xestión administrativa e técnica no ámbito forestal.
- Medición de parcelas, redacción de informes técnicos relacionados e xestión catastral.

3.2 ESTRUCTURA DOCUMENTAL DO SGA

O Sistema de Xestión Ambiental conta con unha serie de documentos e rexistros que constitúen a base desta ferramenta de xestión.

Dado que Rennova Solucións Medioambientais S.L., se constituíu como unha empresa moderna, controlando dende o seu nacemento o impacto ambiental, a maioría da súa documentación atópase en formato dixital.

Dita documentación componse de:

- ✚ Manual de xestión ambiental
- ✚ Procedementos
- ✚ Instrucións
- ✚ Rexistros
- ✚ Outros documentos necesarios para asegurar a planificación, operación e control de procesos relacionados cos seus aspectos ambientais significativos.

A estrutura xerárquica da documentación do SGA é plasmada na seguinte pirámide documental:

(ORIGINAL EN ROJO)


BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JAMES

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0603



4- ASPECTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS

Conforme establece o regulamento (CE) Nº 1221/2009 do PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 25 de novembro de 2009, polo que se derrogan o Regulamento (CE) nº 761/2001 e as Decisións 2001/681/CE e 2006/193/CE da Comisión, calquera organización que queira adherirse con carácter voluntario a un Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Medioambientais (EMAS), debe establecer, implementar e manter un ou varios procedementos para:

- Identificar os aspectos ambientais das súas actividades, produtos e servizos que se poidan controlar e aqueles sobre os que poida influír dentro do alcance definido do sistema de xestión ambiental, tendo en conta os desenrols novos ou planificados, ou as actividades, produtos e servizos novos ou modificados.
- Determinar aqueles aspectos que teñen ou poden ter impactos significativos sobre o medio ambiente (é dicir, aspectos ambientais significativos).

E debe documentar esta información e mantela actualizada.

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYÚSCULAS): CARMEN JORJÉ

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

Así mesmo debese asegurar que se teñen en conta os aspectos ambientais significativos no establecemento, implementación e mantemento do SGA.

Para elo, Rennova Solucións Medioambientais, S.L. realizou unha revisión ambiental inicial, na que se identificaron os aspectos ambientais da actividade e a partir do seu análise establecéronse os criterios para a avaliación inicial e periódica dos mesmos, de modo que se poidan identificar aqueles significativos.

Establécense diferenzas entre os aspectos ambientais directos, aqueles que se xeran como consecuencia das actividades da organización e sobre os que se teñen o control da xestión en condicións normais e de emerxencia, e os indirectos, aqueles xerados como consecuencia do desenrolo de actividades dos subcontratistas e sobre os que a organización non ten pleno control da xestión.

O tratamento para ambos é diferente.

4.1 ASPECTOS AMBIENTÁIS DIRECTOS

Distinguímos entre tres tipos de operacións:

- Normal: aquela operación que se produce de forma continua e habitual.
- Anormal: aquela operación que se produce de forma planificada aínda que non habitualmente (exemplo: tarefas de mantemento).
- Emerxencia: aquela operación que se produce de forma inesperada, non planificada.

Avaliaranse por separado as operacións de emerxencia e de forma conxunta as operacións normais e anormais, de tal forma que o valor de probabilidade so será considerado para as operacións de emerxencia.

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valcorchillo Primera, 22-24
Edif. Caba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN VARELA

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

Os criterios de puntuación son 3: magnitude, gravidade e probabilidade, cuxa valoración se define nas táboas que aparecen a continuación:

MAGNITUDE	Puntuación
CANDO EXISTAN LÍMITES DEFINIDOS	
Menor do 75 % do límite aplicable	1
Maior ou igual que o 75 e menor do 90 % do límite aplicable	2
Entre o 90 e o 100 % do límite aplicable	3
CANDO NON EXISTEN LÍMITES DEFINIDOS (defínense indicadores)	
Menor do 95 % do indicador aplicable	1
Entre o 95 e o 105 % do indicador aplicable	2
Maior do 105 % do indicador aplicable	3

- No caso de existir varios valores de medición con límites legais nun so aspecto ambiental (exemplo: límites contaminantes do efluente en vertidos, varios punto de medición de ruído exterior, etc.) realizarase a avaliación do aspecto sobre o valor mais desfavorable de todos.
- No caso de empregar indicadores, estes deben ser: lóxicos, medioambientais e obxectivos.
- Para determinar o valor de referencia tomado en conta para o criterio "Magnitude", sempre que non se dispoña de valores obxectivos asinaranse valores medios (2). Cando se dispoña de datos, teranse en conta os datos de períodos anteriores.

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: _____ 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANES

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

GRAVIDADE	Puntuación
PARA RESIDUOS	
Residuo Inerte	1
Residuo Sólido Urbano (RSU) ou asimilable a urbano ou restos forestais	2
Residuo Perigoso	3
PARA AUGAS DE VERTIDO	
Vertido a colector	1
Vertido a fosa séptica	2
Vertido a canle público	3
PARA EMISIÓN A ATMÓSFERA	
Intermitente ou transitorio	1
Continuo	2
NIVEL DE RUÍDO	
Intermitente ou transitorio	1
Continuo	2
PARA CONSUMO DE AUGA	
Auga de rede municipal	1
Auga de pozo	2
Auga directa de canle público	3
PARA CONSUMO DE COMBUSTIBLES	
Renovables (Biocombustibles)	1
Non renovables=Fósiles (petróleo, carbón, gas natural)	2
PARA CONSUMO DE ENERXÍA	
Fontes renovables (solar, eólica, hidráulica)	1
Fontes non renovables	2
DIVERSIDADE BIOLÓXICA	
Non alterei ningunha especie	1
Alterei algunha especie	2
XERACIÓN RESTOS FORESTAIS/FERTILIDADE DO SOLO	
% Subproduto triturado in situ (ha)/ Superficie de actuación > 50%	1
% Subproduto triturado in situ (ha)/ Superficie de actuación <50%	2

Existen aspectos para os cales definimos uns criterios específicos:

- A Gravidade para aqueles aspectos de difícil ponderación, como poden ser as augas de apagado de incendio, ... asínaselles un valor fixo de 2, salvo que sexa plantexable algunha mellora medioambiental ó respecto, en cuxo caso se definirán novos criterios de avaliación.
- No caso de situacións de emerxencia ambiental producidas e que non dispoñamos de valores obxectivos, asínaselles valores medios (2) para facer a valoración no referente a magnitude e gravidade.

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
20000 Alondra (Murcia)

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DIANEI
FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003


PROBABILIDADE	Puntuación
Non existe evidencia de ter ocorrido nos últimos 5 anos	1
Existe evidencia de ter ocorrido nos últimos 5 anos	2
Existe evidencia de ter ocorrido nos últimos 2 anos	3

O Aspecto Ambiental será considerado significativo cando a puntuación da Avaliación do Aspecto Ambiental é superior a:

1. Operacións normais e anormais: magnitude x gravidade ≥ 4
2. En caso de so un criterio de avaliación: $C1=2$
3. Operacións de emerxencia: magnitude x gravidade x probabilidade >8

Existen aspectos para os cales definimos uns criterios específicos:

XERACIÓN DE SOBRANTES DE PODA, ROZA E FERTILIDADE DO SOLO



O Aspecto Ambiental será considerado significativo cando a valoración do indicador sexa $< 50\%$.




ASPECTOS MEDIOMBIENTAIS DIRECTOS

Aspecto Medioambiental Identificado	Tipo	¿Significativo?	Impacto
Residuo de Papel e cartón	Elaboración de proxectos	Non	Contaminación auga e solos
Residuo de Plásticos	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
R.S.U. ou asimilables a urbanos	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
Tubos fluorescentes usados	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
Cartuchos usados de tónor/tinta	Elaboración de proxectos	Non	Contaminación auga e solos
Residuos de incendio	Emerxencias	Non	Contaminación auga e solos
RAEEs (Equipos eléctricos e electrónicos de desfeito)	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
Residuos xerados polo mantemento do vehículo da organización (Aceite usado, filtros, pneumáticos)	Mantemento vehículo	Non	Contaminación auga e solos
Consumo de auga de rede	Actividade de oficina	Non	Consumo de recursos
Consumo de enerxía eléctrica	Actividade de oficina	Si	Consumo de recursos
Consumo de combustibles	Desprazamentos	Non	Consumo de recursos
Consumo de papel	Actividade de oficina	Si	Consumo de recursos
Vertido de augas residuais	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
Augas de apagado de incendio	Emerxencias	Non	Contaminación auga e solos
Nivel de ruído	Actividade de oficina	Non	Contaminación acústica
Aspectos relacionados con actividades pasadas	Actividade de oficina	Non	Contaminación auga e solos
Vertido accidental de gasóleo ou aceite	Emerxencias	Non	Contaminación auga e solos
Obras de construción nas nosas instalacións	Anormal	Non	Contaminación auga e solos
Emisións de gases de combustión de vehículos	Desprazamentos	Non	Efectos sobre a calidade do aire
Rotura de redes de servizo	Emerxencias	Non	Contaminación auga e solos
Xeración de sobrantes de poda e roza	Execución de obra	Si	Efectos sobre o solo
Diversidade biolóxica	Elaboración e execución de proxectos	Non	Efectos sobre fauna e flora
Fertilidade do solo	Elaboración e execución de proxectos	Non	Efectos sobre o solo

(ORIGINAL EN ROJO)

PUREN VERITAS CERTIFICATION
 C/ Valportillo Primera, 22-24
 Edif. Cacha - P.I. La Granja
 28100 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 
 NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN NANE
 FECHA: 10/11/2011
 ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

4.2 ASPECTOS AMBIENTAIS INDIRECTOS

Considéranse aspectos ambientais indirectos aqueles que se concentran no compromiso ambiental dos subcontratistas e provedores.

Na actualidade, Rennova está realizando a execución dos proxectos mediante servizos de subcontratación.

No caso dos proxectos defínese unha sistemática para identificalos e avalialos, sendo necesario notificar estes resultado as empresas implicadas, así como as medidas recomendadas para minimizalos.

O Aspecto Ambiental Indirecto será considerado significativo cando a puntuación da Avaliación do Aspecto Ambiental é:

1. Operacións normais e anormais: $C1+C2=4$
2. No caso de so un criterio de avaliación: $C1=2$
3. Operacións de emerxencia: $\text{magnitudo} \times \text{gravidade} \times \text{probabilidade} > 8$

Entre outros, os aspectos ambientais indirectos poden ser:



RENNOVA SOLUCIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.

Aspecto Medioambiental Identificado	Actividade	¿Significativo?	Impacto	Criterios de evaluación (C1+C2)
Emisiones de vehículos de empresas subcontratadas para la ejecución de proyectos	Desplazamientos e ejecución de trabajos	Non	Calidad del aire	C1 Vehículos fabricados <= 8 años
				C2 Vehículos fabricados > 8 años
Vertidos de aceites o fluidos contaminantes sobre el terreno	Desplazamientos e ejecución de trabajos	Non	Calidad de las tierras	C1 Cumplimiento ITV sin anomalías
				C2 Cumplimiento ITV con anomalías
Uso de maquinaria móvil e diferentes herramientas entregadas por subcontratas en diferentes fases de la obra	Desplazamientos e ejecución de trabajos	Non	Ruido ambiental	C1 Año fabricación Maquinaria <= 10 años
				C2 Año fabricación Maquinaria > 10 años
Consumo de combustible de subcontratas	Desplazamientos e ejecución de trabajos	Si	Consumo	C1 Marcado CE o certificado de conformidad de emisión sonora acorde al Real Decreto 212/2002, de uso de maquinaria ó aire libre
				C2 No Marcado CE o certificado de conformidad de emisión sonora acorde al Real Decreto 212/2002, de uso de maquinaria ó aire libre
Residuos generados por el mantenimiento de los vehículos	Mantenimiento	Si	Residuos	C1 Renovables (biocombustibles)
				C2 Non renovables
Residuos generados por la ejecución de las subcontratas	Ejecución de trabajos	Non	Residuos	C1 Evidencia gestión adecuada durante el año
				C2 Non evidencia gestión adecuada durante el año
Residuos no forestales que se generan en trabajos e actividades realizadas en el monte por las subcontratas (envases de fitosanitarios, envases de productos peligrosos...)	Ejecución de trabajos	Si	Residuos	C1 Trituración de restos in situ
				C2 Trituración en planta de compós
				C1 Evidencia gestión adecuada durante el año
				C2 Non evidencia gestión adecuada durante el año

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICACION
 Calle Portillo y Herrera, 22, 4º
 Edif. Caoba, s.p.l., La Granja
 28308 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: [Firma]
 NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JAVIER
 FECHA: 10/11/2011
 ACREDITACION ENAC N.º ES-V-0003

Para palialos, plantexaronse as seguintes recomendacións as subcontratas, xunto a outra serie de recomendacións xerais, para mellorar a actuación ambiental:

Efectos sobre a calidade do aire

- Realizar un mantemento periódico da maquinaria e vehículos.
- Desconectar os motores cando non se estean empregando.
- Empregar combustible biodiesel ou gasolina sen plomo.
- Planificar os desprazamentos para reducir o impacto asociado ó transporte.

Efectos sobre a calidade do solo

- Realizar en taller as operacións de mantemento da flota de vehículos e maquinaria. En caso contrario, impermeabilizar a superficie de traballo (con plásticos, lonas,...) para impedir a contaminación do solo.
- Tapar os produtos (fluídos) unha vez finalizado o uso para evitar evaporación e vertidos por derrames accidentais.
- Evitar realizar lavados dos vehículos e maquinaria sobre o terreo. Realizaranse nun espazo que teña habilitado un decantador de graxas.

Efectos sobre a calidade das augas superficiais

- Evitar o vertido de aceites, fluídos ou hidrocarburos á rede de saneamento.

Efectos de ruídos

- Respetar os horarios de traballo establecidos polo municipio no que se atopa a obra.
- Realizar os mantementos en equipos e vehículos.

Consumo de auga

- Cerrar o paso de auga inmediatamente despois do seu uso.
- Empregar mangueriras con chave de paso á entrada e á saída para facilitar o cerre e reducir perdas ou goteos.

Consumo de enerxía

- Ter a maquinaria e os vehículos so o tempo imprescindible no funcionamento.
- Empregar equipos e maquinaria de baixo consumo.

Residuos inertes e residuos non perigosos

- Respetar o tipo de separación selectiva previsto para a obra en curso, ubicando cada residuo no contedor que corresponda.
- Cumprimento do manual de Boas Prácticas na xestión forestal sostible para empresas de servizos forestais.



5- COMPORTAMENTO AMBIENTAL

O comportamento ambiental é un reflexo da evolución do control dos aspectos ambientais identificados por Rennova Solucións Medioambientais. Os datos tratados comprenden un período dende xuño 2010 ata xuño 2011. Os datos aquí refrexados corresponden a aqueles aspectos ambientais que son directos da organización. Os aspectos ambientais indirectos, son difíciles de cuantificar, polo que non dispoñemos de datos en esta declaración. Aquí móstranse algúns datos do noso comportamento cara o medioambiente:

Consumos	Unidades	Período
Electricidade	7,582 MWh.	Xuño 10- Xuño 11
Auga	12 m ³	Xuño 10- Xuño 11
Gas-oil	3,2164 Tn	Xuño 10- Xuño 11
Papel	0,01035 Tn	Xuño 10- Xuño 11

Residuos	Unidades	Período
Papel	0,068 Tn	Xuño 10- Xuño 11
Plásticos	0,025 Tn	Xuño 10- Xuño 11
Restos orgánicos	0.018 Tn	Xuño 10- Xuño 11
Lámpadas/tubos fluorescentes usados	-	Xuño 10- Xuño 11
Cartuchos usados de tóner e tinta	-	Xuño 10- Xuño 11
RAEEs (Equipos eléctricos e electrónicos en desuso)	-	Xuño 10- Xuño 11
Residuos non perigosos e perigosos por mantemento de vehículos	2 cambios de aceite 3 cambios de filtros 1 cambio de pneumáticos	Xuño 10- Xuño 11

5.1 CONSUMOS

Consumo eléctrico

O consumo eléctrico debese principalmente ó uso do seguinte equipamento:

- Iluminación de oficina, composta por luminarias fluorescentes
- Ordenadores de sobremesa, fotocopiadora, cargador de GPS.
- Calefacción eléctrica.

A distribución do consumo atende a estacionalidade, acentuándose este nos períodos máis fríos do ano.

(ORIGINAL EN ROJO)

C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA:

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DUARTE

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

Consumo de papel

O papel é o principal elemento na actividade de Rennova. O seu maior ou menor consumo estará directamente relacionado co tipo de traballo que se realice ó longo do ano, e do volume do mesmo, posto que en función do tipo de proxecto de que se trate, esixiráselle un maior consumo de papel que noutros. De igual modo, un maior volume de traballo significa maiores consumos.

No código de boas prácticas, a través do que se persegue acadar un uso responsable do mesmo, establécese que na medida do posible reciclarase e imprimirase a dobre cara, sempre que isto sexa posible.

Consumo de auga

O consumo de auga derivase do uso das propias instalacións e do seu mantemento. Para o seu control establecéronse pautas de comportamento asociadas ó uso racional de este recurso.


Consumo de combustible

A empresa dispón de un vehículo da súa propiedade, polo tanto ten iniciado un control rigoroso sobre o seu uso. Contabilízanse os kms percorridos así como as toneladas de gas-oil consumidos. Loxicamente, a cantidade de gas-oil consumida está directamente relacionada co tipo de traballo, a situación do monte onde se estean executando os traballos,...

Consumo recursos	Indicador	Seguimento	Valor	Actividade
Electricidade	MWh/nº traballadores	Anual	7,582 MWh /2,5 3,03	Oficina
Auga	m3/nº traballadores	Anual	12 m3/2,5 4,8	Oficina
Gas-oil	Tn/nº traballadores	Anual	3,2164 Tn/2,5 1,29	Desprazamento
Papel	Tn/nº traballadores	Anual	0,01035Tn/2,5 0,0041	Oficina

5.2 RESIDUOS

Todos os residuos xerados nas nosas instalacións así como os xerados polos nosos vehículos son xestionados segundo a lexislación vixente. O control dos residuos xerados comeza coa segregación por parte das traballadoras de Rennova, depositando os mesmos en contedores, envases ou depósitos existentes na organización e identificados segundo a natureza de cada residuo (inorgánicos, papel e cartón,...). Ata a súa entrega ou cesión externa segundo o tipo de residuos: en punto limpo, xestor autorizado, servizos municipais.



Levase un control das cantidades dos residuos xerados (unidades entregadas, Kgs,...) incluíndo os residuos perigosos derivados do mantemento dos vehículos, para o cal se efectúa o control destes mais representativos (cambio de baterías, aceite usado,...). Neste sentido, xa que ditas actividades son subcontratadas a un taller transmitiuse a información pertinente en xestión ambiental e solicitouse o correspondente documento que evidencia a inscrición no rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia.

A cantidade de residuos xerados controlase a través dun rexistro de mantemento do vehículo, en base as facturas do taller, o que nos permite avaliar a significancia ou non de este aspecto ambiental identificado.

Non obstante, cabe sinalar que debido a que se trata de un vehículo novo, unicamente se realizáronse cambios de aceite e filtros e de pneumáticos.

A continuación, expóñense os resultados do seguimento dos indicadores e o seu sistema de xestión:

Residuos	Indicador	Seguimento	Valor	Xestión externa
Papel e cartón	Tn./nº traballadores	Anual	0,068/2,5 0,034	Servizo recollida municipal contedor azul papel
Residuos sólidos urbanos	Tn./nº traballadores	Anual	0,0185/2,5 0,0093	Servizo recollida municipal contedor verde
Plásticos	Tn./nº traballadores	Anual	0,0253/2,5 0,0126	Servizo recollida municipal contedor amarelo
Tónér e cartuchos de impresión	Tn./nº traballadores	Anual	Sen entregas	Xestor autorizado
Lámpadas e tubos fluorescentes usados	Tn./nº traballadores	Anual	Sen entregas	Punto limpo

Residuos	Indicador	Seguimento	Valor	Xestión externa
RAEE'S	Tn./nº traballadores	Anual	Sen entregas	Punto limpo
Residuos perigosos e non perigosos de mantemento de vehículos	Cambios/Kms. recorridos	Anual	1 cambio de pneumático de aceite de 3 /22.728kms	Talleres mantemento con ISO 14001 e rexistro RP

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION

C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.º 4.º (Torre)
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUAN

FECHA: 10/11/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

5.3 EMISIÓNS A ATMÓSFERA

As emisións producidas durante a prestación de servizo son as derivadas dos gases de combustión do vehículo da empresa nos seus desprazamentos do persoal técnico a obra, visitas a clientes e as asociadas a situacións de emerxencia tales como incendio nas instalacións ou incendio/explosión en accidentes de vehículos.

Para determinar as emisións á atmosfera por óxidos de carbono, por exemplo o dióxido de carbono, levase a control do consumo de combustible (toneladas de gasoil consumidos/kms).

O consumo de combustible no período de xuño 2010 – xuño 2011 foi de: 3,2164 toneladas.

Para o caso das emisións derivadas de situacións de emerxencia, lévanse a cabo os correspondentes mantementos preventivos nas nosas instalacións (extintores).


5.4 RUÍDOS

O control do ruído xerado nas instalacións da organización foi identificado como puntual xa que é asimilable ó xerado nun domicilio. Así mesmo, o ruído xerado polo emprego do vehículo da empresa pasa por un adecuado mantemento do mesmo, someténdoo as revisións periódicas pertinentes.

5.5 VERTIDOS

No caso de vertidos de augas residuais estas son clasificadas como augas residuais urbanas, xa que proceden do aseo do persoal e limpeza das instalacións e aquelas derivadas de situacións de emerxencia. Convén matizar que, no caso de vertidos de augas residuais derivadas de situacións de emerxencia lévanse a cabo os mantementos preventivos das nosas instalacións co fin de evitar estas situacións de emerxencia e reducir o impacto ambiental asociado.

O indicador empregado para o control dos vertidos de augas residuais basease no consumo de metros cúbicos consumidos respecto ó número de traballadores.



Residuo	Seguimento	Indicador	Valores
Vertido de augas residuais de limpeza e sanitarias	Trimestral	m3 / nº traballadores	31/12/2010 1,2
			31/03/2011 1,2
			30/06/2010 1,2

5.6 DIVERSIDADE BIOLÓXICA

En canto a este punto, está identificada a biodiversidade como aspecto ambiental directo na elaboración e execución de proxectos, polos efectos que debido á súa actividade, Rennova puidera ter sobre a fauna e a flora. Definíronse os criterios para a súa avaliación, e teranse en conta para a próxima declaración ambiental, pois a partir de agora, para cada proxecto efectuarase unha valoración ambiental, incluíndo este punto.

6- OBXECTIVOS E METAS 2011-2012

Tendo en conta a avaliación dos aspectos ambientais e a política definida pola organización, establécense uns obxectivos e metas, que serán sometidos a revisión periódica coa finalidade de comprobar o alcance dos mesmos e poder corrixir e actuar máis eficazmente sobre eles no caso de desviacións non desexadas.

Dado que a creación e implantación dos nosos SGA data de finais de xuño de 2010, non se dispón de apenas información de orixe para definir obxectivos. Polo tanto, e en base á avaliación dos aspectos ambientais, plantexáronse as seguintes metas:

- **Obxectivo 1. Reducir un 3% o consumo de papel e cartón**

A través da concienciación dos traballadores da organización no uso responsable do papel, a impresión a dobre cara e os de 1 cara recíclanse para borrador.

Control cuadrimestral dos consumos de papel e análise de avaliación.

- Responsable: Responsable de Medioambiente.
- Indicador asociado: Tn. de papel e cartón x 100/nº de (proxectos + memorias + subvencións).
- Valor inicial: 0,1314
- Valor obxectivos: 0,1275
- Prazo: ata 31/12/2011

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANES

FECHA: 10 / 11 / 2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-M-0003

- **Obxectivo 2. Reducir un 5% o consumo de electricidade**

A través da concienciación dos traballadores e propoñendo pautas sinxelas no desenrolo do traballo diario da oficina, perséguese diminuír a enerxía consumida.

- Responsable: Responsable de Medioambiente.
- Indicador asociado: Mwh/ (nº de traballadores).
- Valor inicial: 2,51 Mwh/ traballador
- Valor obxecto: 2,38 Mwh / traballador
- Prazo: ata 31/12/2011.

- **Obxectivo 3. Acadar un 5% de execución de Proxectos nos que se respecte a época máis favorable para a fauna e a flora.**

Teranse en conta as condicións de fauna e flora, adaptando na medida do posible, os prazos de execución dos traballos.

- Responsable: Responsable de Medioambiente.
- Indicador asociado: % de proxectos nos que se teñen en conta as condicións de fauna e/ou flora.
- Valor inicial: 0 proxectos
- Valor obxectivo: 5% proxectos
- Prazo: ata 31/12/2012

- **Obxectivo 4. Tratar de que ó menos, o 10% dos proxectos de silvicultura executados por Rennova, conleven a reforestación con especies non exóticas.**

Teranse en conta as distintas alternativas de especies non exóticas (distintas a eucaliptos,...).

- Responsable: Responsable de Medioambiente.
- Indicador asociado: % de proxectos de reforestación con especies non exóticas/nº de proxectos de silvicultura do período
- Valor inicial: 0 proxectos.
- Valor obxectivo: 10% de proxectos de silvicultura.

(ORIGINAL EN ROJO)

BISEAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Carba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN JUANES

10 / 11 / 2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES 10001

- Prazo: ata 31/12/2012.

- **Obxectivo 5. Fomentar os abonos orgánicos mediante a trituración dos restos vexetais no propio terreo, nun 50% da superficie de actuación.**

Permitindo a reincorporación dos nutrientes ó solo e a diminución da propagación de incendios.

- Responsable: Responsable de Medioambiente.
- Indicador asociado: % de subproduto triturado in situ/Superficie total de execución.
- Valor inicial: 30%
- Valor obxectivo: 50%
- Prazo: ata 31/12/2012

7- CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN AMBIENTAL APLICABLE

Unha vez identificados os aspectos ambientais en RENNOVA SOLUCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L., o Responsable de Medioambiente recollerá a lexislación ambiental aplicable ós mesmos (requisitos legais nacionais e internacionais, requisitos estatais, requisitos legais autonómicos e provinciais, requisitos legais municipais), mediante lectura de boletíns/diarios oficiais, por exemplo (podendo empregarse outra sistemática de acceso a tales requisitos segundo conveña), e referida as seguintes materias:

- Atmosfera
- Augas
- Solos
- Residuos
- Ruído e vibracións
- Outros (recursos naturais, enerxía, impacto ambiental,...)

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION C/ Valportillo Primera, 22-24 Edif. Caoba - P. I. La Granja 28108 Alcobendas (Madrid)
FIRMA AUTORIZADA: _____ NOMBRE (MAYUSCULAS): <u>CARMEN DANET</u> FECHA: <u>10 / 11 / 2011</u> ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0592


Incluirase na identificación de requisitos legais, permisos, licenza, normativa específica para prestación de servizos, entre outros.

Ademais identificaranse requisitos ós que RENNOVA poida subscribirse, por exemplo: acordos con autoridades públicas, acordos con clientes, directrices non regulamentarias, principios ou códigos de boas prácticas, requisitos de asociacións, entre outros.

Os requisitos legais e outros requisitos están recollidos no listado de control de requisitos, e avaliados. Así mesmo, este listado será revisado periodicamente e, ó menos, anualmente será actualizado no caso de promulgarse un novo requirimento ou abolirse ou modificarse un xa existente.

Entre os requisitos legais básicos de aplicación:

- Posúese licenza de actividade inocua, de data 15/06/2010, en base ó Regulamento dos Servizos das Corporacións Locais, PXOM, Lei de Bases de Réxime Local, Texto Refundido Local, ROF, Lei 1/95 de Galicia e Decreto 133/2008.
- Cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal, estando rexistrados os seus arquivos de datos persoais no Rexistro da Axencia de Protección de Datos.
- Correcta xestión de residuos perigosos e non perigosos xerados pola organización, como poden ser os fluorescentes, papel e cartón, residuos sólidos urbanos, cartuchos de tóner e tinta, aparellos eléctricos e electrónicos, de acordo coa Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Sólidos Contaminados, Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, OM MAM/304/2002 pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos,



Ordenanza Municipal para a protección dos espazos públicos en relación coa súa limpeza e retirada de residuos do Concello de Valga.

- Correcta xestión de residuos perigosos e non perigosos xerados polas subcontratas na execución dos traballos no monte.
- Cumprimento en canto a normativa aplicable á posesión e emprego de vehículos, como a realización das inspeccións técnicas obrigatorias. Real Decreto 2042/1994, de 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos e RD 1383/2002 de 20 de decembro sobre vehículos ó fin da súa vida útil.
- Correcta xestión de residuos perigosos derivados do uso e mantemento de vehículos e maquinaria, tanto pola organización como polas subcontratas, verificando que os talleres estean inscritos como produtores de residuos e verificando que a documentación está actualizada, correcto mantemento de extintores,... RD 1942/1993, de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra incendios.
- Cumprimento da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, mediante o abono do canon de auga para o seu uso e consumo e RDL 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.
- Cumprimento da lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais promovendo a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.
- Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais e Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28193 Alcobendas (Madrid)

FINANZIAMENTO: CARMEN DIANEI
NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DIANEI
FECHA: 10/07/2011
ACREDITACIÓN ENAC N° ES-V-0000

- Protección do Patrimonio Natural e da Biodiversidade: Decreto 167/2011, do 4 de agosto polo que se modifica o Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza dito catálogo, Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, Lei 8/1995, de 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Cumprimento da lexislación relativa ó Impacto e Incidencia Ambiental: Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental de actividades, Real Decreto legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxecto, lei 6/2010 de 24 de marzo, de modificación do texto refundido da lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro.
- Cumprimento da lexislación en canto ó uso de maquinaria ó aire libre, conforme ó Real Decreto 212/2002.
- Cumprimento da lexislación pola que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, praguicidas,... Lei 16/2002, de 1 de xullo, de Prevención e Control Integrado de Contaminación.

8- PRAZO PARA A SEGUINTE DECLARACIÓN

Esta declaración correspóndese a un período de control de un ano (de xuño de 2010 – Xuño de 2011), algo lóxico nun sistema de rexestión de recente creación, xa que os controis para cumprir co Regulamento EMAS se iniciaron ó longo do presente ano.

As próximas declaracións programaranse ó igual que a presente, para períodos anuais completos, entre os meses de xuño dos anos que correspondan.

de rexestión de
de

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/Valporiño Primeira, 22-24
Edif. Caoba - P.I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

PARA AUTORIZAR:
NOMBRE (MAYUSCULAS): CARMEN DIAZ
FECHA: 30/07/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003

Declarando que os datos contidos nesta Declaración ambiental reflexan a realidade do comportamento ambiental de Rennova Solucións Medioambientais S.L.

“Esta Declaración Ambiental foi validada polo Organismo Verificador seguinte:

Verificador Ambiental: Bureau Veritas S.A.U ES-V-0003

Firma do Verificador:

Data: “

Firma a presente en Valga, a 05 de setembro de 2011


RENNOVA SOLUCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.
R/ Doctor de Oya Salgueiro, 3 - baixo A
36645 Valga Pontevedra
C.I.F. B94015237

Asdo.: María José Velo Bello
Administradora

(ORIGINAL EN ROJO)

BUREAU VERITAS CERTIFICATION
C/ Valportillo Primera, 22-24
Edif. Caoba - P. I. La Granja
28108 Alcobendas (Madrid)

FIRMA AUTORIZADA: 

NOMBRE (MAYUSCULAS): GARIMERY DIANEJ

FECHA: 10/09/2011

ACREDITACIÓN ENAC N.º ES-V-0003